



## En tempos de pandemia, Rumores de Romaxe (12-09-2020)

---

Lois Ferradás Blanco

O 12 de setembro de 2020, segundo sábado de setembro, Irimia non convocou a Romaxe de Crentes Galegos, como levaba facendo os últimos 42 anos. Esa foi a meditada e sabia decisión, non só polas restricións de reunións e cabida por parte das autoridades sanitarias, senón porque estamos de loito e queremos facer dó e non festa por todo que pasou na primeira vaga do virus. Enchóupanos a tristeza e a indignación pola dor e a falta de coidados, polas mortes de tantas persoas maiores en soidade.

Con todo, ese sábado sentimos e espallamos Rumores de Romaxe con pegadas de esperanza, en numerosos encontros de comunión e oración, conectados desde diferentes lugares. Estes encontros contaron co apoio e guía dun documento impreso que un días antes se difundira coa revista de setembro. O esquema foi sinxelo, organizado arredor de tres momentos, tres ideas forza: Acollida (acoller e expresar a dor), Celebración da Palabra (reivindicar a esperanza), Celebrar a vida (mesa compartida e acción de grazas).

Deste xeito, na Acollida invítase a acoller e expresar a dor; e cantamos con Carvalho Calero

Houbo,  
houbo un tempo  
un tempo en que cantaban os paxaros  
e as rosas florecían  
as beiras dos camiños.

Recordamos, escoitamos co corazón, a dor de tanta xente que durante a pandemia morreu en soidade, a quen non puido acompañar aos seus seres queridos, ás persoas que se esforzaron en coidar... Coas badaladas das campás de Bastavales de fondo, cantamos con Rosalía «mórrome de soidade».

Na Celebración da Palabra chamamos pola esperanza, abrindo os ollos ás pegadas súas que atopamos no noso arredor, buscando ata atopala entre as cinzas do sufrimento, escoitando a un Deus todo-coidado, no que somos e vivimos.

O encontro culmina coa mesa compartida e a acción de grazas: pan e viño, corpo e sangue de salvación, que se parte e reparte como signos de bendición e de perdón.

Estes son algúns dos grupos, uns simplemente unifamiliares, outros máis numerosos, que se reuniron en moitos lugares. En Compostela no Castiñeiriño e no parque de Bonaval, nos Tilos Teo), en Xuño (Porto do Son), en Pontevedra en casas e no lago de Castiñeiras, en Cangas, no parque da Bouza (Vigo), en Martín (Cotobade), en Chorente (Sarria), en Lugo, en Bocacarreira (Begonte), en Lourenzá, en Dornela (Oleiros), en O Bertón (Ferrol). Tamén en Barcelona, en San Agustín de Guadalix (Madrid), en Salamanca. Ademais desta rede de pequenas celebracións autoorganizadas, houbo unha de referencia, presencial, no Mosteiro de Bergondo, conectada en directo con todas as celebracións locais.

Non foi Romaxe, con presenzas e apertas, con bailes e conversas, e foi mágoa. En cambio, reforzamos vínculos máis próximos, tomamos iniciativas de reunirnos, repartimos responsabilidades e tarefas; comparando con outras experiencias, gañamos en implicación e proximidade (nada de espectáculo e máis participación), en horizontalidade (todos ao mesmo nivel), en circularidade (con comunicacións que van e veñen en todas as direccións), máis iguais e máis próximas. Así o testemuñan as mensaxes compartidas, que expresan agradecemento ás persoas que coas súas contribucións fixeron posible o encontro, manifestando sentimentos de ledicia e comunión e, mesmo, a petición de que se celebren de vez en cando

encontros coma este mentres as circunstancias impidan facelos de maneira presencial. Oxalá que estea próximo o final da pandemia e axiña poidamos seguir alimentando en comunión o noso compromiso e a nosa esperanza.

**Lois Ferradás Blanco**  
**Asociación Irimia**